

EXPOSICIÓN PÚBLICA DE PRAZAS VACANTES NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA PARA O CURSO 2016-2017 E APERTURA DOS PRAZOS DE PREINSCRICIÓN DO NOVO ALUMNADO DO SEMINARIO DE MÚSICA TRADICIONAL

Finalizado os prazos de renovación de praza do alumnado actual do Seminario de Música Tradicional da Escola Municipal de Música para o curso 2016-2017, procédese á publicación das prazas vacantes e a apertura dos prazos de preinscrición para o novo alumnado.

Do 6 ao 20 de xuño é o prazo establecido para a solicitude de preinscrición na Escola Municipal de Música do novo alumnado do Seminario de Música Tradicional que desexe matricularse na oferta educativa da escola, de acordo coas prazas vacantes para o curso 2016-2017, do que se achega documento.

As persoas interesadas en matricularse deberán cumprimentar o impreso de preinscrición, que poden descargar da web do Concello, pedila na propia EMM ou directamente no Rexistro Xeral ou Auxiliar do Concello, para unha vez cuberta entregala no Rexistro Xeral ou Auxiliar do Concello nos prazos indicados. Neste momento do proceso NON é necesario achegar ningunha outra documentación.

MÁIS INFORMACIÓN

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA
Rúa Proxecto Vagalume, 2-A
Tfno.: 981 528 701
info@esmucompostela.es

DEPARTAMENTO EDUCACIÓN E CIDADANÍA
Edificio CERSIA
Rúa Alcalde Raimundo López Pol, s/n – San Lázaro
Tfnos: 981 554 400/401 Fax: 981 571 511
dptoeducacion@santiagodecompostela.gal
www.santiagodecompostela.gal

VACANTES CURSO 2016/17 SEMINARIO DE MÚSICA TRADICIONAL

INSTRUMENTO	PRAZAS VACANTES
Arpa	4
Acordeón Tradicional	3
Percusión Tradicional	6

TOTAL PRAZAS OFERTADAS SEMINARIO DE MÚSICA TRADICIONAL: 13

- 1) A obtención de praza non garante que os horarios que se ofrecen sexan compatibles coas necesidades dos solicitantes.